

---

## **CIRCULAR AXUDAS LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR (1º e 2º EP no curso 2021-22)**

A Consellería ven de convocar axudas para a adquisición de libros de texto destinadas ao alumnado matriculado en 1º e 2 de **educación primaria** ou en **educación especial**, en centros sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, no curso escolar 2021/2022 (Orde de 06 de maio do 2021, DOG 20 de maio).

### **Lugar de presentación.**

As solicitudes, segundo o anexo I á orde de convocatoria, entregaranse preferentemente por Sede Electrónica ou **nos centros docentes** nos que estea matriculado o alumnado. Presentarase **unha solicitude única** de xeito que se un solicitante ten varios fillos ou fillas matriculados no mesmo centro e nos niveis obxecto da convocatoria, deberá presentar unha solicitude para todos. As axudas serán solicitadas polos pais, nais, titores ou representantes legais do alumnado. No caso de que a solicitude se tramite por vía electrónica empregando a aplicación Fondolibros será necesaria a presentación dunha solicitude por cada alumno. Se a familia tivese fillos/as admitidos/as en centros distintos, presentará unha solicitude en cada un dos centros, na cal se incluírán os admitidos nese centro para o curso 2021-22. Cando no momento de presentar a solicitude aínda non fóra admitido en ningún centro para o curso 2021/22, deberá presentala no centro en que estivese matriculado no curso 2020/21.

### **Requisitos.**

1. Ser pai/nai/titor ou titora legal do alumnado admitido nun centro sostido con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso escolar 2021/2022.
2. Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
3. Para o alumnado de educación primaria e educación secundaria obrigatoria ter unha renda per cápita familiar **igual ou inferior a 10.000 euros**.

### **Solicitude e documentación.**

1. As instancias poderán obterse nos centros e tamén se poderán descargar da páxina web.

**Unha vez cuberta a solicitude deberá presentarse, xunto coa documentación**, debidamente asinada polo pai, a nai ou titor/a do alumnado. Todo isto sen prexuízo da sinatura dos membros da unidade familiar computables para renda que sexan maiores de idade, excepto nos supostos de separación ou divorcio, nos cales poderá omitirse a sinatura do proxenitor que non teña custodia. Xunto coa solicitude presentarase orixinal e copia da seguinte documentación co fin de que a persoa que a reciba poida verificar a autenticidade da copia e devolva os orixinais.

#### **Alumnado de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria.**

- a) Libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar.

No caso de non ter libro de familia, ou se a situación familiar, a día 31 de decembro de 2019, non coincide coa reflectida no libro, terá que presentarse documento ou documentos acreditativos:

- Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou o convenio regulador onde conste a custodia do causante.
- Certificado ou volante de convivencia.
- Informe dos servizos sociais ou órgano equivalente, que acredite situación familiar.

- b) No caso de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude deberá acompañarse un dos seguintes documentos que acrediten esta circunstancia a 31-XII-2018:

- Certificado emitido polo órgano competente do grao de minusvalidez cunha porcentaxe igual ou superior ao 33%,
- Resolución ou certificado emitido pola Seguridade Social de pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez

- Documentación acreditativa da condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

c) No caso de situación de violencia de xénero no contorno familiar: documentación acreditativa. **O alumnado de educación especial** unicamente deberá presentar a solicitude de axuda, non sendo necesario xuntar documentación algunha (superior ao 65%). O alumnado cunha minusvalidez igual ou superior ao 65%, só ten que presentar a certificación emitida polo órgano competente do grao de minusvalidez, xunto coa solicitude da axuda. Os menores que se atopen en situación de garda, tutela ou atención de día pola Xunta de Galicia non terán que acreditar os datos da unidade familiar nin do nivel de renda.

3. A documentación que se achegue deberá ter validez no momento da presentación da solicitude.

4. O centro educativo poderá requirir das persoas solicitantes, en calquera momento, aclaración da documentación presentada.

#### **Prazo de presentación.**

O prazo de presentación de instancias será ata o 22 de xuño do 2021.

#### **Contía das axudas.**

A Consellería aboará as axudas segundo a renda per cápita familiar no exercicio fiscal 2019 (Enténdese por renda per cápita a renda familiar dividida entre o número de membros da unidade computables: casillas 435 + 460 de todas as declaracións entre número de membros) :

#### **Educación primaria 1º e 2º**

- Renda per cápita familiar ata 6.000 € ou alumnado de NEAE: 210 €.
- Renda per cápita familiar desde 6.000,01 ata 10.000 € e NEAE: 140 €.
- Alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta: 210 €
- Alumnado con discapacidade superior ao 65%: 275 €
- **Material Escolar:** 50 € (exclusivamente para as familias con renda per cápita familiar inferior ou igual a 6.000 €. **As familias con renda superior a 6.000 € quedan excluídas do vale de material escolar**).

No caso de que nunha mesma unidade familiar existan varios alumnos ou alumnas que reúnan os requisitos para ser causantes destas axudas, percibirase a contía que corresponda por cada un deles, segundo o establecido nesta convocatoria. O alumnado matriculado en **educación especial**, en centros específicos ou en unidades de educación especial en centros ordinarios, así como o que presente unha minusvalidez igual ou superior ao 65%, que solicite a axuda e que cumpra os requisitos desta orde recibirá un importe de 275 €, con independencia da renda per cápita familiar.

Os menores en situación de garda, tutela ou atención de día pola Xunta recibirán a axuda máxima.

Nesta convocatoria, para os efectos de determinar a renda per cápita familiar, terase en conta a situación persoal e familiar en 31 de decembro de 2019 e o exercicio fiscal 2019, e computarán por dous os membros discapacitados (+ 33%) con pensión permanente total, absoluta ou grande invalidez. **Non se terán en conta os fillos nados, adoptados ou acollidos despois desta data.** A renda familiar obterase por agregación das rendas de cada un dos membros; sumar recadros 435 e 460 da declaración. No caso de non presentar declaración teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola AEAT. O solicitante autoriza ao órgano xestor para comprobar a través da AEAT e da C. de Facenda a veracidade dos datos de carácter tributario declarados na solicitude

#### **É obriga dos beneficiarios das axudas:**

- Destinar o importe íntegro á adquisición de libros do texto propios do curso académico para o que se solicitou a axuda.**
- Cooperar nas actividades de inspección e verificación da Administración.
- Conservar en bo estado os libros adquiridos e incorporalos ao rematar o curso a un fondo solidario (banco de libros) que se constituirá no centro** (agás os de 1º e 2º EP).
- Destinar os vales a adquisición exclusiva dese material.

**O Equipo Directivo**